

CRISE O produto interior bruto será "bastante inferior ao do 2007" pero asegura que o superávit orzamentario dá marxe para tomar medidas

SOLBES ADMITE QUE O PIB MEDRARÁ MÁIS DESPACIO

A ECONOMÍA TERÁ UN CRECEMENTO DO 2,5% AO PECHER DO 2008 E O DESEMPREGO SERÁ DO 8,6%, DI UN INFORME

Axencias - Madrid

O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes, saíu ó paso das declaracións realizadas o martes polo gobernador do Banco de España, Miguel Ángel Fernández Ordóñez, quen advertiu da necesidade de que non se baixen os impostos se ao mesmo tempo se incrementa o gasto público. Solbes afirmou que o superávit fiscal dá marxe para adoptar medidas discrecionais para combater unha crise que xa deixou a súa pegada no crecemento económico do primeiro trimestre. Solbes admitiu que o avance do PIB entre xaneiro e marzo será "bastante inferior" ó 3,5 por cento rexistrado no último trimestre do 2007, aínda que non "chegaremos de media á previsión do Fondo Monetario Internacional (FMI)", afirmou.

Solbes, que participou no XV Encontro do Sector Financeiro Deloitte-ABC, destacou que a dedución de 400 euros no IRPF para asalariados, pensionistas e autónomos, que aprobará o Consello de Ministros do venres, é "gasto do sistema" incluído nos Orzamentos, polo que non obrigará a recortar outras partidas e defendeu que a marxe que dá o superávit orzamentario se utilice de forma "Xuiciosa" para impulsar a actividade económica ante a fase de desaceleración.



Pedro Solbes e Miguel Sebastián conversan amigablemente antes do acto de inicio da lexislatura nas Cortes

CONSECUENCIAS

O Euríbor chega ao 4,590 en marzo

O Banco de España confirmou a suba do euríbor ata o 4,590 por cento en marzo. O principal indicador do mercado hipotecario rompeu así con dos meses consecutivos de descensos tras rexistrar un incremento do 0,241 por cento. O resultado é que as hipotecas pendentes de revisión volverán encarecerse. Para unha hipoteca media de 150.000 euros a 25 anos cun tipo do euríbor máis 0,5 puntos, a subida da cota mensual roldará os 42 euros, ó pasar dos 800 ós 841,43 euros, o que supón uns 500 euros máis ó ano.

O turismo sortea a desaceleración

O turismo español sorteo "algo mellor" que outros sectores a desaceleración económica no primeiro trimestre deste ano, e mantivo a capacidade de xerar emprego cun ritmo de crecemento do 4,5 por cento, segundo dixo onte o vicepresidente executivo de Exceltur, José Luis Zoreda.

Explicou Zoreda que este resultado apunta a que se está producindo un transvasamento ó turismo de traballadores procedentes doutros sectores máis afectados pola retardación da economía.

O vicepresidente primeiro destacou que as medidas temporais do Goberno terán como prioridade axudar as familias e reactivar o sector da construción.

Un estudo prevé a situación para o remate deste ano

A economía española crecerá un 2,5 por cento ó peche do 2008 e a inflación situarase no 3,2 por cento. Ademais, o desemprego ascenderá tres décimas, ata e 8,6 por cento, segundo as previsións do VII Informe CESifo sobre a economía europea presentado na Fundación BBVA.

No entanto, o profesor do IES Xavier Vives, que colabora no Informe, recoñeceu que o estudo realizouse en decembro pasado polo que as previsións deben ser revisadas á baixa. ●